

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**13930** Orde ARM/2308/2009, do 12 de agosto, pola que se modifica o Regulamento xeral do Rexistro de variedades comerciais.

O Real decreto 323/2000, do 3 de marzo, modificou o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, os regulamentos técnicos de control e certificación de sementes de remolacha, plantas forraxeiras, cereais, millo e sorgo, patacas de sementeira, así como o Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais, coa incorporación ao noso ordenamento xurídico, entre outras, da Directiva 98/95 do Consello, do 14 de decembro de 1998, que modifica, respecto da consolidación do mercado interior, as variedades de plantas modificadas xeneticamente e os recursos fitoxenéticos, as directivas 66/400/CEE, 66/401/CEE, 66/402/CEE, 66/403/CEE, 69/208/CEE, 70/457/CEE e 70/458/CEE sobre a comercialización das sementes de remolacha, das sementes de plantas forraxeiras, das sementes de cereais, das patacas de sementeira, das sementes de plantas oleaxinosas e téxtiles, das sementes de plantas hortícolas e sobre o Catálogo común das variedades de especies de plantas agrícolas.

No Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro establecíase que se poderían regular condicións especiais para producir e comercializar así como as restricións cuantitativas que procedesen, en relación coa conservación «in situ» e a utilización sustentable dos recursos fitoxenéticos de sementes.

Así mesmo, na disposición adicional única do Real decreto 323/2000, do 3 de marzo, establecíase que o réxime xeral exixido para a inscrición será tamén de aplicación ao procedemento de inscrición das variedades de conservación, sen prexuízo das condicións especiais que fixe o Comité Permanente de Sementes e Plantas Agrícolas, Hortícolas e Forestais da Unión Europea.

A Directiva 2008/62/CE da Comisión, do 20 de xuño de 2008, establece determinadas exencións para a aceptación de variedades e variedades locais de especies agrícolas adaptadas de forma natural ás condicións locais e rexionais e ameazadas pola erosión xenética e para a comercialización de sementes e patacas de sementeira destas variedades e variedades locais.

Esta orde incorpora a citada directiva, modificando o Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais así como o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro. Así mesmo, prevese nesta orde a adecuación de ambos os regulamentos á Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, derogatoria da Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais, aprobado pola Orde do 30 de novembro de 1973.*

Modifícase o Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais, aprobado pola Orde do 30 de novembro de 1973 (Agricultura), nos termos seguintes:

Un. Ao final do número catro bis engadírase o seguinte:

«Enténdese por rexión de orixe a zona ou zonas onde historicamente se cultivaron as variedades de conservación.

Enténdese por ecotipo o conxunto de liñas dunha variedade poboación adaptadas de forma natural ás condicións ambientais da súa rexión de orixe.

Enténdese por erosión xenética a perda da diversidade xenética entre poboacións ou variedades desta e dentro delas ao longo do tempo, ou a redución da base xenética dunha especie debido á intervención humana ou ao cambio ambiental.

Enténdese por conservación in situ de variedades de conservación o mantemento destas variedades no contorno agrícola onde desenvolveron as súas propiedades distintivas.»

Dous. Engádesse o número nove bis coa seguinte redacción:

«Nove bis. Poderanse admitir solicitudes de variedades de conservación cando presenten algún interese para a conservación dos recursos fitoxenéticos.

Non poderá ser aceptada unha solicitude de inscrición como variedade de conservación se:

a) Foi solicitada a súa inscrición ou rexistrada no Rexistro de Variedades Comerciais ou no Rexistro de Variedades Protexidas.

b) Foi solicitada a súa inscrición en calquera rexistro dalgún Estado membro da Unión Europea.

c) Se encontra protexida ou foi solicitada a protección na Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) ou en calquera Estado membro da Unión Europea.

d) Se encontra incluída ou estivo incluída como variedade no Catálogo común de variedades e non transcorreu un período de polo menos dous anos desde a súa exclusión ou, transcorrido un período de dous anos a partir do período concedido conforme o parágrafo segundo do artigo dezasete do Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais.»

Tres. Engádesse o número dez bis, coa seguinte redacción:

«Dez bis. A admisión dunha solicitude de variedade de conservación queda condicionada a que o solicitante demostre que esta ten un interese para a conservación dos recursos fitoxenéticos e que a variedade foi tradicionalmente cultivada en localidades e rexións ameazadas pola erosión xenética. Para tal fin poderase ter en conta a información do Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos e das comunidades autónomas.

Conxuntamente coa solicitude deberase achegar información da rexión ou rexións en que historicamente se cultivou e ás cales se encontra adaptada de forma natural.

Ademais do anterior xuntaranse, se se dispón diso, características e requisitos de calidade, así como resultados de probas non oficiais e os coñecementos adquiridos coa experiencia práctica do cultivo, a reprodución e a utilización.

O exame oficial só se levará a cabo se toda a documentación anterior se achega e se considera suficiente.»

Catro. O número once substitúese polo seguinte:

«Once. Os procedementos de inscrición de variedades poderanse iniciar de oficio ou por solicitude de persoa interesada.

Iniciaranse de oficio, por acordo da Oficina Española de Variedades Vexetais, por petición razoada doutros órganos ou por denuncia, cando o interese público o aconselle ou se trate de variedades de conservación, se produza desabastecemento do mercado nacional, ou outras circunstancias extraordinarias e sempre que non exista iniciativa privada ou esta sexa insuficiente.

A Oficina Española de Variedades Vexetais poderá abrir un período de información previa á aceptación da solicitude co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

A iniciación de oficio dun procedemento de inscrición dunha variedade non implicará por si mesma a exención do pagamento das taxas correspondentes ao exame técnico, excepto cando se trate de variedades de conservación.»

Cinco. Ao final do número dezaioito engádesse o parágrafo seguinte:

«As variedades de conservación só poderán ser mantidas na súa rexión de orixe.»

Seis. Engádesse o número vinte e catro ter coa seguinte redacción:

«Vinte e catro ter. Os ensaios de identificación son responsabilidade da Oficina Española de Variedades Vexetais e realizaranse directamente ou mediante acordos coas comunidades autónomas ou con outros entes públicos ou privados que realicen tarefas similares, baseándose no material facilitado polo solicitante.

No caso de ecotipos, os ensaios de identificación poderán ser efectuados pola comunidade autónoma correspondente, baseándose no protocolo facilitado pola Oficina Española de Variedades Vexetais, sen prexuízo das comprobacións que esta poida realizar.

Non obstante o anterior, poderanse ter en conta os estudos de caracterización varietal realizados por institucións públicas ou privadas con experiencia no ensaio de variedades.

Esta caracterización varietal terase en consideración sempre e cando a persoa responsable dos ensaios non oficiais dispoña da necesaria cualificación técnica, a descrición sexa suficientemente detallada e siga métodos de ensaios que se poidan recoñecer como acordos co estado da técnica.

No que se refire á distinción, estabilidade, aplicaranse como mínimo os protocolos a que fan referencia os anexos 1 e 2 da Orde APA/3147/2007, do 19 de outubro.

Para a avaliación da homoxeneidade será de aplicación o establecido nos protocolos de ensaios da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV), así como nos cuestionarios técnicos das directrices da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV).

Porén, se o nivel da homoxeneidade se establece sobre a base de fóra de tipos da variedade en estudo, aplicarase un estándar de poboación do 10 por cento e unha probabilidade de aceptación de, como mínimo, o 90 por cento.»

Sete. Engádesse o número trinta e tres bis coa seguinte redacción:

«Trinta e tres bis. En relación coas denominacións de variedades de conservación, se a denominación era coñecida antes do 25 de maio do ano 2000 non será necesario o seu estudo, polo que as denominacións se aceptarán tal e como foron notificadas, sempre que non entren en conflito coa denominación doutra variedade da mesma especie ou grupo que se encontre inscrita ou en proceso de inscrición, cunha marca rexistrada, cunha denominación de orixe ou cunha indicación xeográfica protexida, casos en que a Oficina Española de Variedades Vexetais resolverá.

Así mesmo, poderase aceptar máis dunha denominación para unha variedade se se proba suficientemente que son historicamente coñecidas.»

*Artigo segundo. Modificación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 23 de maio de 1986.*

Modifícase o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 23 de maio de 1986, nos termos seguintes:

Un. No número cinco engádesse a letra c) na epígrafe Variedade comercial co texto seguinte:

«c) Variedade de conservación é, sen prexuízo do previsto no artigo 3.5 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, aquela variedade local adaptada de forma natural ás condicións locais e rexionais e ameazadas pola erosión xenética.»

Dous. No número cinco e a continuación da definición de variedade comercial engádesse dúas novas definicións:

«Rexión de orixe dunha variedade de conservación: é a rexión ou rexións en que historicamente se cultivou ou ás cales estea adaptada de forma natural. Para a identificar

débase tomar en conta a información proporcionada polas autoridades en materia de recursos fitoxenéticos ou as organizacións recoñecidas para o efecto.

Erosión xenética: perda de diversidade xenética entre poboacións ou variedades da mesma especie, e dentro delas, ao longo do tempo, ou a redución da base xenética dunha especie debido á intervención humana ou ao cambio ambiental.»

Tres. No número seis engádese unha nova letra g) con este contido:

«g) Semente de variedades de conservación: é a que descende de semente producida conforme prácticas ben definidas para o mantemento da variedade, posúe suficiente pureza varietal, foi producida na súa rexión de orixe e cumpre os requisitos indicados no número 15 bis.»

Catro. Engádese un novo número quince bis, con este contido:

«15 bis. Requisitos especiais para a semente de variedades de conservación:

a) A semente deberá descender de semente producida conforme prácticas ben definidas para o mantemento da variedade.

b) A semente, salvo a de *Oryza sativa*, deberá cumprir os requisitos de certificación da semente certificada establecidos nos correspondentes regulamentos técnicos de control e certificación específicos, coa excepción dos relativos á pureza varietal mínima e dos relacionados co exame oficial ou o exame baixo supervisión oficial.

c) A semente de *Oryza sativa* deberá cumprir os requisitos de certificación aplicables á semente certificada de arroz de segunda reprodución (R-2), establecidos no Regulamento técnico de control e certificación de semente de cereais, coa excepción dos relativos á pureza varietal mínima e dos relacionados co exame oficial ou o exame baixo supervisión oficial.

d) A semente deberá ter unha pureza varietal suficiente.

e) A semente dunha variedade de conservación só se pode producir na súa rexión de orixe.

Se as condicións de certificación establecidas nas letras b), c) e d) non se poden cumprir nesa rexión debido a un problema ambiental concreto, poderanse autorizar outras rexións para a produción de semente tendo en conta a información subministrada polas autoridades en materia de recursos fitoxenéticos ou polas organizacións por eles recoñecidas para o efecto. Porén, a semente producida nesas rexións adicionais só se poderá utilizar na súa rexión de orixe.

Comprobarase, por medio de seguimento oficial, que os cultivos de semente dunha variedade de conservación cumpren as disposicións deste regulamento, e prestarase unha atención especial á variedade, ás localizacións da produción de semente e ás cantidades.»

Cinco. Engádese un novo número vinte e dous ter, con este contido:

«22 ter. A semente de variedades de conservación só se poderá comercializar en embalaxes pechadas ou contedores cun dispositivo de precintaxe.

O provedor precintará as embalaxes ou contedores de semente de maneira que non se poidan abrir sen danar o sistema de precintaxe nin deixar probas de manipulación indebida na etiqueta do provedor, na embalaxe ou no contedor.

Para que o cerramento sexa seguro de conformidade co parágrafo anterior, o sistema deberá incluír, polo menos, a colocación da etiqueta ou dun precinto.

As embalaxes ou contedores de semente de variedades de conservación levarán unha etiqueta do provedor ou unha nota impresa ou estampada que inclúa a seguinte información:

A inscrición: «Reglas e normas CE».

Nome e enderezo da persoa responsable da colocación das etiquetas ou a súa marca de identificación.

Ano de precintaxe, expresado do seguinte modo: «precintado en ...» (ano), ou, salvo en relación coa pataca de sementeira, o ano da última mostraxe para efectos das últimas probas de xerminación, expresado do seguinte modo: «mostras tomadas en...» (ano).

Especie.

Variedade.

A inscrición: «Variedade de conservación».

Rexión de orixe.

Rexión de produción da semente, cando sexa diferente da rexión de orixe.

Número de referencia do lote dado pola persoa responsable da colocación das etiquetas.

Peso neto ou bruto declarado ou, excepto no caso de pataca de sementeira, número de sementes.

Cando a cantidade se indique en peso e se utilicen praguicidas granulados, substancias de recubrimento ou outros aditivos sólidos, indicárase a súa natureza así como a proporción aproximada entre o peso de semente pura e o peso total, salvo no caso de pataca de sementeira.»

Seis. Engádese un novo número vinte e tres bis, con este contido:

«23 bis. Levaranse a cabo ensaios para comprobar que a semente de variedades de conservación cumpre os requisitos de certificación establecidos no número 15 bis, letras b), c) e d).

Estes ensaios efectuaranse conforme os métodos internacionais vixentes ou, de non existiren tales métodos, de acordo con calquera método que resulte apropiado.

As mostras destinadas a tales ensaios tomaranse de lotes homoxéneos. Así mesmo, aplicaranse as normas sobre peso do lote e peso da mostra establecidas nos correspondentes regulamentos técnicos de control e certificación específicos».

Sete. No número corenta, segundo parágrafo, a continuación da palabra «estándar», engadirase:

«e de semente de variedades de conservación».

Oito. Engádese un novo número corenta e un bis), con este contido:

«41 bis. A semente dunha variedade de conservación só se pode comercializar se se cumpren as seguintes condicións:

a) Producíuse na súa rexión de orixe ou nunha das rexións a que se refire o número 15 bis.

b) A comercialización ten lugar na súa rexión de orixe.

c) Non obstante o disposto na letra b), poderanse autorizar rexións adicionais para a comercialización de semente dunha variedade de conservación, sempre que tales rexións sexan comparables á rexión de orixe en canto aos hábitats naturais e seminaturais desa variedade.

Cando se autoricen esas rexións adicionais, cómpre asegurarse de que se reserva para conservar a variedade na súa rexión de orixe a cantidade de semente necesaria para producir, como mínimo, a cantidade a que se refire a letra e).

d) Estas rexións adicionais para a comercialización non se poderán autorizar se se autorizan as rexións adicionais para a produción de semente mencionadas no número 15 bis.

e) Por cada variedade de conservación, a cantidade de semente comercializada non excederá o 0,5% do total da semente da mesma especie utilizada en España nunha campaña de cultivo, ou da cantidade necesaria para sementar 100 ha, se esta cantidade é maior. Para as especies *Pisum sativum*, *Triticum spp.*, *Hordeum vulgare*, *Zea mays*, *Solanum tuberosum*, *Brassica napus* e *Helianthus annuus*, esa porcentaxe non excederá o 0,3%, ou a cantidade necesaria para sementar 100 ha, se esta cantidade é maior.

Porén, a cantidade total de semente de variedades de conservación comercializadas non excederá o 10 % do total da semente da especie de que se trate utilizada anualmente

en España. Nos casos en que esa porcentaxe sexa inferior á cantidade necesaria para sementar 100 ha, a cantidade máxima de semente da especie de que se trate utilizada anualmente en España poderase incrementar até alcanzar a cantidade necesaria para sementar 100 ha.

f) Os produtores notificarán ao órgano competente de cada comunidade autónoma as dimensións e a localización da zona de produción de semente antes do comezo de cada temporada de produción.

As comunidades autónomas deberán comunicar á Oficina Española de Variedades Vexetais as cantidades totais por variedade, co obxecto de comprobar o cumprimento do disposto na letra e).

Se á vista das notificacións a que se refire o punto anterior se comprobase que un ano dado a cantidade de semente comercializada supera as cantidades que se establecen na letra e), asignaráselle a cada produtor afectado a cantidade que poderá comercializar na campaña de produción correspondente.»

Disposición adicional única. *Aplicación da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.*

As referencias á Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, que se conteñen no Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado pola Orde do 30 de novembro de 1973, e no Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, entenderanse feitas aos preceptos correspondentes da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, que será aplicable en todo o non previsto expresamente en ambos os regulamentos.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito comunitario.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico a Directiva 2008/62/CE, da Comisión, do 20 de xuño de 2008, pola que se establecen determinadas exencións para a aceptación de variedades e variedades locais de especies agrícolas adaptadas de forma natural ás condicións locais e rexionais e ameazadas pola erosión xenética e para a comercialización de sementes e patacas de sementeira desas variedades e variedades locais.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 12 de agosto de 2009.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.